
Scirpus fluitans (< Isolepsis f.) L., 1763

	buíño boiante, escirpo b., espadana flotante, antela
	espadaña flotante, flotador, escorpión flotante
	ur-ihia
	jonc flotant
	floating club-rush, f. scirpus, f. spike-rush



DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Liliopsida**	**Poales**	**Cyperaceae**	***Isolepsis***

ORIXE

Iberia.

CARACTERÍSTICAS

Planta acuática perenne. Talos de 10-70 cm x 0,2-0,5 mm, enraizando nos nós, flotantes ou prostrado-ascendentes, ramificados, subcilíndricos ou comprimidos. Follas caulinares, cunha lámina de ata 10 cm de longo. Inflorescencia nunha espiguiña ebracteada solitaria, disposta ao final dun longo pedúnculo que xorde das axilas das follas. Espiguiñas de 2,5-5 x 1,5-2 mm, ovoides, con 3-11 floretes. Os froitos son aquenios de 0,9-1,5 x 0,6-0,8 mm, de obovados a elípticos, planoconvexos ou estreitamente biconvexos, con marxes agudas e lisas, de cor marrón moi clara ou verdosa. Florece de marzo a setembro.

HÁBITAT

Charcas e remansos de ríos e regatos. Substratos turbosos, a miúdo en lugares inundados estacionalmente, así coma en ocos lamacentos en pasteiros e breixeiras. En solos húmidos de canteiras en desuso, area e grava. Dende o nivel do mar ata 1200 m.

DISTRIBUCIÓN

Europa occidental, central e meridional, Illas dos Azores e África noroccidental. Probablemente naturalizada nas indias orientais e Nova Zelandia.

CURIOSIDADES

A miúdo úsase en proxectos de restauración de zonas húmidas, para o tratamento de augas residuais e en sistemas de estabilización de sedimentos.

ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor